
O PRINCIPIO

Texto de PAULA CARBALLEIRA

Ilustracións de SONJA DANOWSKI

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 36 páx. 14 €

O principio (galego)

ISBN 978-84-8464-779-9. MareMar.

El principio (castelán)

ISBN 978-84-92608-53-9. Libros para soñar.

Començar (catalán)

ISBN 978-84-15170-18-1. Kalandraka-Hipòtesi.

Hasiera (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-710-0. Kalandraka-Pamiela.

O princípio (portugués)

ISBN 978-989-8205-76-6. Livros para sonhar.

The beginning (inglés)

ISBN 978-84-8464-780-5. Books for dreaming.

L'inizio (italiano)

ISBN 978-88-95933-39-9. Libri per sognare.

Houbo unha vez unha guerra.

Despois da guerra, quedamos sen casa.

—Non importa —dixo miña nai—. Temos un coche.

Fomos vivir ao coche.

Desde entón, vivir era viaxar...

“O principio” reflicte a tenrura fronte ao horror, a imaxinación ante a máis absoluta precariedade, a fortaleza ante o drama humano. Paula Carballreira é quen de poetizar sobre os efectos crueis e devastadores dunha guerra mentres as ilustracións hiperrealistas de Sonja Danowski trasladan os lectores ata as mesmas ruínas dos bombardeos.

Esta obra sensible e tenra é tamén unha homenaxe ao libro como ferramenta pacífica, ás bibliotecas como faros luminosos de sabedoría que se apagan alí onde se instaura a violencia, á palabra oral como alimento da alma. Malia todo, “O principio” transmite unha mensaxe de esperanza: a vida continúa, a risa flúe contaxiosa, os nenos non poden deixar de vivir a súa infancia aínda que un conflito bélico queira arrebatarlle.



- **Temática:** a guerra, mensaxe poética de esperanza.
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
- **Aspectos destacables:** da autora de “Paco” e de “Smara”; ilustracións hiperrealistas; educación para a paz; outros libros relacionados: “Guernica”, “Sálvate, Elías!”, “A historia de Erika”, “Comandante Hussi”, “A gran viaxe do Señor M”.

Paula Carballreira

(Fene, A Coruña, 1972)

Licenciada en Filoloxía Hispánica. Dende 1994 traballa como narradora oral; participou en programacións culturais en Galicia e noutras partes de España, así como Portugal, Brasil e Chile. Na súa faceta como actriz está vencellada ao grupo de teatro Berrobambán; tamén traballa en series de ficción para a TVG. Como escritora, publicou varios libros de poesía e de literatura infantil, entre os que figuran “Paco” e “Smara”, editados por KALANDRAKA.

Sonja Danowski

(Regensburg, Alemaña)

Traballa como ilustradora freelance en Berlín. A súa obra mostrouse en varias exposicións (Polonia, China, Alemaña, Corea, Portugal) e recibiu diversos galardóns internacionais, como o Premio ao mellor libro alemán de deseño non publicado, en 2007. Foi seleccionada en tres ocasións para a Mostra de Ilustradores da Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña e tamén, por tres veces, na Bienal Ilustrarte de Portugal. www.sonjadanowski.com/

